

PROGRAMACIÓN DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

ANEXO AVALIACIÓN

Segundo a ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais.

É evidente que a **avaliación** é **continua** e que, polo tanto **non se farán recuperacións durante o curso**, aínda podemos atoparnos con situación especiais, onde o profesor pode considerar oportuno facer recuperación ao final o durante o curso. A nota da avaliación final será o resultado da media das tres avaliacións (1ª, 2ª; 3ª) tendo valor dobre o da terceira.

A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso. No noso caso a entrega de notas farase o día 8 de xuño.

Para o alumnado que teña a materia sen superar logo de realizada a terceira avaliación o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación.

De modo que período abranguido entre a terceira avaliación e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación; facilitaremos o noso alumnado coa materia suspensa todo tipo de material e axuda na aula para que poida superar a nosa materia.

Para o alumnado que non superara a materia despois da terceira avaliación, haberá unha proba de recuperación antes da avaliación final baseada na materia impartida durante o curso.

A cualificación definitiva da materia farase efectiva na avaliación final de curso (coa sesión de avaliación do día 23 de xuño) .

Na avaliación final de cada curso realizarase ademáis unha valoración das competencias clave. Os resultados expresaranse nos termos de insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB), para as cualificacións positivas.

Boqueixón 21 de febreiro 2022

A xefa do departamento:

Asdo: Patricia Frutos Calderero.